

A NOSA TERRA

IDEARIUM DAS IRMANDADES DA FALA

REDAICION E ADEMINISTRACION

PRECIOS DE SUSCRICION

Rúa Real, 36 - 1.º

Na Cruña, mes 40 céntimos. Fora, trimestre
1'50 pesetas. América, trimestre 2' pesetas.

A CRUÑA

PAGOS ADIANTADOS

ANO IX



1.º de Outono de 1925



Núm. 217

AO DECORREL-OS DIAS

Por veces unha noticia grata vennos alentar na nosa empresa, je con que íntima satisfacción acollemos canto se relaciona co despertar espiritual da nosa Terra!

Hoxe é a constitución desa liga de «Amigos de Galicia» á cuia cabeza figuran homes tan prestixiosos coma o ilustre Valle Inclán, o gran galego Enríque Peinador, o poeta da raza Ramón Cabanillas, e o notabre cronista García Martí. Non é política esta xuntanza, é puramente artística; de sentimento, de emoción, de espiritualidade... ¡Galeguismo ao cabo! O sentimento que alenta en todo galego; conscente sô en alguns: mais, que pouco á pouco vaíse despertando naqueles que estaba adormentado

Un pulo d'este despertar é o Congreso de Economía galega que se celebrará en Lugo

O congreso de Lugo podía sere de grandes resultados prácticos se fose organizado con prena concencia do que representan os temas propostos. Non è así e pouco ou nada se fará, aparte os discursos d'este ou aquel señor que collendo pol-os pendíricos un par de temas, usará da súa facilidade de palabra para dicir unha presa de frases mais ou menos felices, non para espoñer, para desenrolar do xeito preciso, a maneira de facer realidade os proxeitos ou as ideas lanzadas no cuestionario. Ese congreso de Lugo debíase adiar para o próisimo ano. Inda que non resultaran as «festas» tan lucidas, en troques Galicia posibre é que outive: a maor proveíto, e se realmente esto è o que intresa...

En Lugo tamén ¡cousa estrana á féj organizouse unha «festa da poesía galega» imitante â que con tanto éisito celebrouse hai dous anos en Santiago. Sômente un dos temas, un estudo encol da poesía galega, ha ser escrito en castelán (por algo o premio é ofrecido pol-o aristocrático Casino ¡cursis!). Os demais todos na propia fala da Terra, que ten xa unha groriosa tradición, e actuaes cultivadores moi estimabres, aos que está ben alentar e estimular.

Por outra parte, o Seminario de Estudos Galegos, de Compostela, vai enco-
mezar axiña a publicación da súa biblioteca. Será sen dúvida interesantísima. Por decontado o libro de Filgueira Valverde «Os nenos» sairá logo do prelo. A éste seguirá outro do xenial Castelao «Cousas» logo un do mestre Cotarelo...

LAR continúa pubricando as suas noveliñas que van facendo unha estupenda colección literaria. Proxeita tamén outros libros mais estensos: novela, teatro, poesía...

É así como se fan os pobos grandes.

O que todo galego ten que saber

PRIMEIRA PARTE

SINTESE XEOGRAFICA DE GALICIA

III

HIDROGRAFIA

1.º Os ríos

Temos que ter en conta pimeiramente, dúas vertentes: a do Cantábrico, toda de pequenos ríos, quitando o Navia e mais o Eo - que non son propiamente do Macizo galego - que van todos en xeral, de S a N, e a do Atlántico, ond'os ríos siguen a dirección NE a SW dos plegues huronianos,

Ao S da vertente Cantábrica, temol-a bacía do Miño, da que, pol-a importancia que ten, compre faguer estudo aparte. Os ríos menores da vertente Atlántica, quedan ô W da bacía do Miño.

Ao S do Miño témol-a cunca da Limia, ô W, e ô E tres ríos que van verter no Douro.

Pol-o tanto, o noso estudo ha levar iste orde:

- a) Vertente Cantábrica.
- b) Vertente Atlántica.
- c) Bacía do Miño.
- d) Cunca da Limia.
- e) Afluentes do Douro.

a) *Vertente Cantábrica.* O río *Navia* perence a Galiza na mitá superior do seu curso, ou seña, mais de 80 kil. Nasce nas vertentes do Cebreiro, e ten no partido de Becerreá e no concello de Navia de Suarna, do de Fonsagrada, unha cunca regularmente estesa, onde recolle augas dos montes da Peliceira, Ancares e Cebreiro pol-o E, e da Meda, Oribio e Lózarra pol-o W e S, sendo os seus afluentes principais: o *Cruzal* que ven do monte da Albela en Becerreá o *Cancelada* que nasce na serra d'Espancares, o *Ser* no Porto d'Ancares, o de *Rao* e o *Suarna*, que nasce en Fonfria en Fon-

sagrada. Tamén se lle xunta en Galiza o *Ibias* que ven d'Asturias.

O *Eo* nasce no monte Cadebo, e vai ô pé da serra de Meira, regando os vales de Pedroso e Valeiras e terra de Miranda, indo dar á ria de Ribadeo, formando lindeiro dend'a confluencia do Trabada, antre o partido de Ribadeo e Asturias. Os afluentes son todos pequenos agás o *Rodil*, que nasce perto de Vilarongo e describe unha gran curva car'o N, no partido de Fonsagrada, recibindo moitos regueiros. O *Martin* en Fonsagrada e o *Riotorto* e mais o *Trabada* en Ribadeo son de pouca importancia.

O *Masma*, do outro lado da serra da Cadeira, é o pimeiro río inteiramente galego qu'atopamos. Nasce na Pena de Xistral e vai de W a E ô pé dos montes da Infesta, torcendo logo pra busca-la ria de Foz, onde verte. Perto da Ponte Cazolgas, e perto de Vilanova de Lourenzá, recibe o río *Lourenzá*, que rega o val d'iste nome, vindo de Sta. María Mayor, na serra de Lourenzá e recollendo moitos regatos. Afluentes do Masma son tamén os ríos de *Picos*, *Ruzos* e *Sinto* que regan as terras de Mondoñedo.

Na ria de Foz verte tamén o *Colín* onda Foz, que ven do coto da Frouseira.

O río d'*Ouro*, que da nome a un val moi sonado, nasce na serra de Xistral, e vai de SW a NE desembocar antr'as puntas de Fazouro e Vilameá.

Veñen logo ríos pequenos: o *Cangas* que nasce en Moncide e verte no porto do seu nome; o *Xunco* que ven dos montes de Cabaleiros verter en Ruela pasando por antre Cerbo

e Sargadelos; o *Lieiro* antr'os montes de Cabaleiras e do Buyo, vertendo en San Ciprián; o *Rigueiro*, frente ô cabo Morás.

O *Landrove*, cantado por Pastor Díaz, nasce na Pena de Xistral e forma o val e ría de Viveiro indo de S a N. Recibe algús afluentes como os de *Vilacampa* e *Miñotos*, o que rega o chao d'Oral, e o *Escouridal* que baixa dó Penedo do Galo.

O *Sor* nasce en Bustelo e Pico da Torre, en dous brazos, que se xuntan en Entrambosores e corre tamén de S a N formando a ribeira de Sor e logo a ría do Barqueiro, ô pé da Estaca de Bares.

Antr'a punta d'esta e a dos Aguillons, verten no mar moitos regatos pequenos, e no fondo da ría de Santa Marta, o río *Mera*, que ven do monte Caxado, formando co *Mayor*, de foz independente, o val de Santa María d'Ortigueira.

Na ría de Cedeira verten o río do *Porto do Cabo*, que nasce perto de Casares, e divide os partidos de Ortigueira e Ferrol, e o dos *Forcados* que ven de perto de Labacengos (Ferrol) e rega o concello de Valdoviño.

O *Loira*, que non val ren en comparanza co seu tocayo francés, forma o areal e lago da Frouseira ou de Pantín.

O *Xubia* é xa outra cousa. Nasce perto de Somozas (Ferrol) e vai por Moeche e San Saturnino á ría do Ferrol, con 21 kil. de curso. Ten varios pequenos afluentes, dos que o principal é o *Narahio*, que nasce perto da feira de Toca, ô pé do monte Forgoselo e xúntase ô Xubia despois da ponte de Doso.

O *Eume* que da nome á vila de Pontedeume e moitos lugares polo camiño (Ribadeume, Eume, Pontes, de García Rodríguez) nasce na Pena Xistral e ten 54 kil. de curso pol-os partidos de Viveiro, Ortigueira e Ferrol (concellos de Pontes de García Rodríguez e Pontedeume) e vai dar á ría de Ares. Os seus afluentes principais son: o *Canteira* que ven de Fontaneira e xunio con outros, únese ô Eume perto de Ribadeume; o *Fray Bermuz*, que ven da serra da Loba, recolle outros moitos e xúntaselle ô pé da serra de Moncouso, en términos de Xestoso; o *San Bartolomeu*, que ven da serra de Moncouso e xúntanselle perto de Eume.

O *Bañobre* ou *Baxoy* nasce perto de Vila-chá e verte na ría de Betanzos.

O *Lambre* nasce en *Monfero* e rega o val das Mariñas, vertendo na ría pol-a Ponte do Porco.

O *Mandeo*, que forma a ría de Betanzos, nasce nas Pias, de Arzúa, rega os concellos de Aranga, Irixoa, Coirós, Paderne e a Val das Mariñas, pasando por Betanzos, onde ten a ponte vella, amais das estradas e do camiño de ferro que o atravesan, com'o Eume e ô Lambre. Bañobre e Xubia, na liña de Betanzos ô Ferrol. Seu curso é de 52 kil., e recibe varios afluentes; pol-a dereita os que baixan da serra da Loba e de Moncouso, un pol-o concello d'Aranga e outro pol-o d'Irixoa, e pol-a esquerda, o da Carballeira e Vilarrasa, que forma lindeiro antr'os partidos de Betanzos e a Arzúa, o de *Ois* e o *Mendo*, que é o mais importante. O Mendo nasce nos montes da Tieira, e xúntase ô Mandeo perto e mais abaixo de Betanzos.

O *Mero* nasce perto do lugar da Tieira, e rega os concellos de Cesuras e Abegondo e o Val das Mariñas e vai dar á ría da Cruña ond'a ponte do Burgo. Recibe un afluente importante: o *Breixa*, que ven do Pico de Pedrouzos, na serra de Montemayor e pasa por Carral, formando lindeiro en algunha parte con Betanzos, entrando no Mero pol-a beira esquerda. Inda ten outros.

Antr'as puntas de Pena Boa e a do Roncudo, verten no mar moitismos regatos, sen qu'atopemos ningún río importante, namentras non chegamos á ría de Laxe.

Alí desemboca o *Allons*. Desd'iste río, e mais señaladamente dend'o de Castro, os que siguen van tomando xa a dirección NE a SW correndo no fondo das sinclinaes que deixan entre iles os plegues huronianos. Mais estes ríos, coma aliás tamén os anteriores, teñen vals estreitos e fondos, qu'iles foron afondando co seu traballo continuo. Iste réxime dos ríos dá ô noso macizo unha nova caracterización qu'o arreda da Meseta peninsuar.

O Allons nasce na serra de Montemayor e caracteriza a terra de Bergantiños, que rega cos seus afluentes: o *Carballo*, pol-a dereita, que ven do monte do Xalo e o *Lubian* pol-a esquerda, que ven do monte do Castelo. Menos importante é o de *Ponteceso* que cantou Pondal.

O río do *Porto* nasce no Pico da Meda e

rega a terra de Soneira, recollendo os regatos *Zás, Toira e Vimianzo*, e vai á ría de Camariñas, onde van dar tamén o *Leis* e o *Lago*.

O río do *Castro* nasce en Pedreira d'Arriba e rega as terras de Muxía desaugando no seo de Nemiña.

O *Xallas* ou *Ézaro* nasce nas vertentes do Castelo e caracteriza unha bisbarra ben sabida, indo dar á ría de Corcubión. Ten un famoso cadoiro chamado do Pindo. Os afluentes son: pol-a dereita o *Soufán*, o *García* e moitos regatos; pol-a esquerda, o *Albuín* que nasce en Vilamayor, de Negreira e xúntanselle en Ponte Pereira; o *Antes* que nasce perto de Montellas; o *Bastrillo* que rega as terras de Mazaricos; o da *Ponte Nova*, que ven do Monte Albelo e xúntanse ô *Xallas* perto da ponte das Vellas; o *Noveira*, que ven do Monte Seixos Brancos. Esta estesa bacía colle o N dos partidos de Negreira e Muros e S do de Corcubión, servindo o río de Lindeiro antr'os dous derradeiros.

Veñen logo os pequenos ríos *Larada, Bernallo, Esteiro* e da *Serra*.

O *Tambre* nasce perto de Codesoso, no Monte Bocelo, e n-un cursó de 84 kil. rega os partidos de Arzúa, Ordes, Santiago, Negreira, Muros e Noya. Recibe, pol-a dereita: o *Maruzo*, que nasce nos montes da Tieira pol-o S, e o *Samo*, nos mesmos montes pol-o N, vertendo un perto do outro por terras de Frades e Oroso; o *Lengulle*, que nasce na serra de Montemayor e recolle unha estesa rede de ríos dos montes de Ordes, vertendo por termos de Oroso; o *Chonia* que ven dos montes de Costoya vertendo por frente a Fecha; o *Dubra* que recolle augas dos montes Castelo e Costoya e dá nome a un val; o *Nantón*, que rega o val de Barcala, e outros cinco mais. Pol-a esquerda, o *Mera*, no Pino, e o *Chayan* en Enfesta, menos importantes.

Dos ríos da península de Barbanza, merez falar do de *Mar*, que forma a lagoa do Carregal; o *Barbanza*; o *Coroño* e o *Brea* que baixan do monte Confurco, un ô seo de Boiro e outro á de Rianxo.

O *Ulla* é xa un río grande, de 130 kil. que nasce na Fonte da Ulloa e rega esta bisbarra e concellos de Monterroso, Antas de Ulla e Palas de Rey (partido de Chantada), e forma despois lindeiro antr'as provincias da Cruña e

Pontevedra, formando o val da Ulla, e desembocando perto de Carril, na ría d'Arousa. Os seus afluentes son: pol-a dereita, o *Labandelo* na terra de Monterroso; o *Gundín* e o *Pambre* na de Palas de Rey; o río *Seco* e o *Furelos* en terras de Melide; o *Besoña* que se lle xunta en Ribadulla; o *Isóo*, ou *Iso* que nasce nos montes de Bocelo e recibe o *Vilar* e o *Laña*, co seu afluente *Merés* que baixan dos Montes da Arzúa á ponte da Laña; o *Bendaña* co *Brandellos*, na ponte Basabe; o *Tella* co *San Lote* na Ponte Pedriña, en terras de Teo; o *Sarela* que nasce en Sarela d'Arriba e corre pol-o val da Mahía, recibindo o *Sar* que baixa do Coto de San Marcos e o *Ponte Nova* que ven de Urdilde, arrodeando os dous pirmeiros (*Sar* e *Sarela*) a Santiago e vertendo o *Sarela* mais abaixo de Padrón, perto de Dodro. Pol-a esquerda, verte na Ulla o *Estanque*, que nasce en S. Martiño d'Amarante e rega terras de Monterroso; o *Arnego* que nasce na serra do Faro e rega os vales de Camba e da Golada, recibindo moitos regatos que baixan da serra pol-a dereita, e pol-a esquerda o río *Albela* que baixa da Pena de Francia; o *Deza* que nasce tamén na Pena de Francia e rega as terras de Deza e Trasdeza, recibindo pol-a dereita o *Lamas* que baixa de Bermes, o *Orza* e o *Breixa* en Carbía, e pol-a esquerda o *Asneiro* que nasce no Testeiro e baixa por terras de Silleda e o *Tioxa* que nasce no monte Chamor e forma o cadoiro de Merza; o *Rlobó* que baixa do monte San Sebastián pol-o N; o *Liñares* ou *Paradela* que ven do monte San Sebastián pol-o S e do de Zó, en dous brazos, e o *San Xiao*, que baixa do monte Xesteiras.

O río *Umia*, que vai á ría d'Arousa, vindo de Fillois, na Estrada, é moito mais pequeno. Rega o val de Salnés e verte no mar perto de Cambados. Seus afluentes dá dereita son: o *Gallemonde*, que baixa de Castro Loureiro e pasa pol-os baños de Cuntis; o *Breamaña* ou *Bermaña*, que nasce no monte Xesteiras e xúntase ô *Umia* en Caldas de Reis; pol-a esquerda ten o *Pequeno* co *Ameixeiras*.

O *Dena* corre en varias veas pol-os areás e marismas de frente á península do Grove e illa da Toxa.

O *Lerez* nasce na Portela de Lamas e baixa á ría de Pontevedra por terras de Forcarei.

Cerdedo, Cotovade e Xove. Os afluentes da dereita son: o *Pego* que ven do monte Candán por Terra de Montes, e o *Alba* que ven en dous brazos dos montes Castrove e Acibal; e pol-a esquerda o *Almofrey* que nasce no monte Meleira e rega a Terra de Cotovade.

A península do Morrazo non da mais que regueiros pequenos.

O río *Berdugo*, que ven á ría de Vigo, nasce na Serra do Suido e rega os termos de Cerdedo, Ponte Caldelas e Ponte San Payo. Recibe pol-a esquerda o *Oitabén* que nasce tamén

no Suido e corre pol-a Lama e Ponte Caldelas, xuntándose ô Berdugo ond'a ponte de Silvoso.

O *Cambeses* ou *Sárdoma* nasce perto de Cabral e verte ond'o cabo da Foz. Rega o val Fragoso.

O *Miñor* recolle augas do monte San Xulián e rega o val do seu nome vertendo no porto de Bayona.

A costa que sigue ate a foz do Miño non ten mais que regatos.

(Continuaráse)

ORACION A FALA

*Fala, bendita fala,
que foi da forte Iberia
formento que deu vida
ás españolas letras;
da Lusitania nobre
foi máxica cadencia
que tivo nos Lusiadas
a nota altiva y-épica
que de Tirteo y-Homero
a musa nos lembra...*

*Fala, dos nobres fala
na idade en qu'esta terra
falou d'amor, cando outras
das artes non tiveran
mais que a cubiza branda
das almas que se queixan.
Fala, na que un Rei sabio,
que deu honra á Castela,
á nai do Nazareno
cántigas lle fixera,
porque solo na língua
d'esta ridente terra
de Dios co'a nai amante
falar podía nela...*

*jesa e a fala qu'Eibron deixou en herdo
na que Galicia a redención espera!*

*Queixume doce e brando
da escura carballeira
en que de noite dormen
as solermiñas meigas;
armonias das hondas*

*que bican as ribeiras
entoando as cantigas
de gloria á natureza;
agarimante música
saudosa e sempre tenra
que fala d'un pasado
y-un gran porvir esperta,
e ten para as saudades
que a nosa y-alma aqueixan
o bálsamo meiguíño
de fada milagreira...*

*jesa é a fala garrida e querendosa
onde da patria a redención latexa!*

*A santa Rosalía
cantou á nosa terra
na melosiña fala
enfeitizada e meiga.*

*Aos pobres desterrados
que aló na libre América
sentían as saudades
d'unha nativa veiga;
da viuda sin achego,
do infertunado as queixas,
da terra qu'inda vive
de libertá sedenta...*

*de toda a vida nosa
falou de tal maneira
jque a yalma de Galicia
sinteu a labareda*

*d'unha nova alborada
de gloria e d'enxebreza!*

Esa é a fala do escravo

*que nos eidos trafega
sufriendo alcume e mofa
das xentes estranxeiras!*

*¡Ese é o canto docísimo
no que as mãres gallegas
no morno berce aos fillos
seu sono protexeran!*

*¡Fala da nai quirida!
fala da miña terra!.*

*que por ser d'ela e miña
o sangue meu lle deral!*

*¡Ouh, Amigos da Fala, irmans quiridos,
qu'este verbo nos xunte e nos protexa!*

M. LUGRÍS FREIRE

PROSISTAS GALEGOS

C I N Z A S

Atopouse na rúa, sen saber para onde ir nin o que había facer. O derradetro xornal gañado no taller duraríalle uns días, e despois era a fame, a negra fame que non podería matar e daría cabo d'el en pouco tempo.

Estaba vello e non valía xa para o traballo. Toda a súa vida andivera rolando pol-os talleres, sempre á carón d'un banco, manexando sen acougo a ferramenta; mais agora atopá base vello, debre, sen pan nen agarimo, no meio da rúa, porque as súas mans, noutrora hábiles, tiñan ao presente a torpeza da fatiga, da inseguridade, e os ollos cansos, gastados, non podían tampouco guialas.

Sentíu arderlle no peito un lume de rebeldía ao se vere así desprezado, botado do taller como inútil para o traballo despois d'unha vida enteira de labor sen miramentos nin consideracións.

¡Oh! ¡aqueilo non podía ser así, non podía ser...!

Mais non se moveu, Parecía espetado alí, e sen forzas, sen vontade para s'arredare. Ao cabo, repetíndose que aquilo era unha inxusticia que se non podía tolerare, seguíu rúa abaixo, paseñamente, coa testa caída, o ollar fito no chan e o pensamento posto nunha soia idea: a necesidade en que s'atopaba de estendela man pregando unha esmola.

¡Pedir unha esmola él, que sempre traballa-

ra, que gañara de cote para vivir!.

Así foi. Poucos días despois tivo que comer gracias á caridade.

Unha vez, cando presentaba a man aberta á unha dona que pasaba, solprendeuse ouvindo que ela chamábao pol-o seu nome.

- Gabriel, Gabriel.

- Gabriel son, - dixo él - , e baixou a man sen saber por qué.

- ¿Cómo é eso?

- Á necesidade, miña dona; respetoume a morte e teño que loitar coa vida.

- Veña comigo ¿quer?

- Por qué non? Se quería encomendarlle algún traballiño. como non fose cousa de moita importancia aínda podería facelo.

Pol-o camiño ouservou á desconecida. Era vella famén; quizaves non tanto coma él, ou tal vez a mellor vida tiña a mais conservada. Nos ollos faiscábanlle aínda uns puntinhos luminosos. derradeiro esplendor da súa belida mocidade.

Xa instalados frente á frente nunha salíña modesta, mais arranxada con gusto e unha miaxiña de comodidade que daba gloria, a dona falou:

- ¿Vostede se non lembra de min, nonsí?

Gabriel se non lembraba. A dona díxolle d'aquela, cõrando un pouco:

- Eu son Luísa.

- ¡Ah, si, Luísa, a filla de Don Esteban!

Supetamente reviviron os tempos mozos n-unha visión feliz. El tiña vinte anos, e traballaba no taller de Esteban, que o estimaba moito pol-a súa habilidade e o gusto con que se aplicaba ao choyo. Consequira un dos primeiros postos, e a mais interesara o corazón de Luísa, garrida e simpática rapaza, que namorouse d'el causando envexa á todol-os seus compañeiros que vían xa en Gabriel o afertunado sucesor de Don Esteban.

Mais Gabriel tiña noiva, outra noiva que era a súa ilusión; nin tan fermosa nin tan rica, pero mais querida e mais cobizada. Deixou o taller de Don Esteban desprezando á filla e foi casar coa outra. Anos pasados enfermoulle a muller; aumentaron os traballos, as privacións; un día atopouse só; despois perdeu facultades, e por romafe, vello e probe, viñase atopar outra vez frente á Luísa...

- Sabes cánto che quixen - dícialle ela

pois ben, nunca mais voltei á poñer os ollos en home ningún! Só Deus sabe o que me custou de vágoas o teu desleigamento! Mais sempre seguí a tua vida paso a paso, co' esa saudade d'un amor cobizado que non foi mais que unha ilusión... Ao morrer meu pai eu herdei canto liña e d'eso vivo ¿Agora que estás sô, permítesme que che ofrezas a miña modesta mesa, a miña casa? Somos vellos, xa nada mais que bôs amigos podemos sere, dous bôs amigos, coma irmans ¿acetas?

Gabriel sentíu que as vágoas queimábanlle as faceiras, e axionllándose onte Luísa cubriulle as mans de bicos.

LEANDRO CARRÉ

CONVERSAS FILOLÓXICAS

ô ao o

Un dos casos en que mais desacordes andan os nosos escritores é este da contraición da preposición *á* e mais o artigo *o*.

Escriben alguns *ao*, como debe ser, e moitos usan *ô*, cometendo un erro que pretendemos desfacer buscando o ben do noso idioma.

Teño ouservado que os que adoitan escribir *ô* úsano indistintamente nos casos de dativo e de acusativo demostrando así que teñen pouco estudada esta particularidade da fala galega e pol-o tanto que usan *ô* por ñorancia, non sabendo distinguir entre *ao* do caso de dativo e *o* do caso de acusativo.

No galego, coma no portugués, que ten tanta semellanza, débese escribir: *vai ao muiño*, (caso de dativo) mais non debe de se dicir endexamais *vin ao muiñeiro*, senon *vin o muiñeiro*, (caso de acusativo). Como se ouservará no primeiro caso úsase a contraición de preposición e artigo, mais no segundo sómente emprégase o artigo.

— Por outra parte, o acento circunflexo (*â*) equival á repetición d'unha vocal.

— Á contraición da preposición *á* mais o artigo feminino *a* sería *aa* ou *o* que é igual *â*, que é como se usa. Mais sendo o artigo masculino *o* e a preposición *á* non pode facerse *ô* da unión dos dous, porque *ô* é igual á

oo mais nunca pode ser *ao* inda que a pronuncia sexa cáseque o mesmo.

Para que se vexa mellor esta diferenza de *ao* ou *o* según os casos, poñerei un exemplo comparativo con frases en galego, portugués, castelán, e tamén en francés, para aqueles que ten mais importancia o que se fai en países estranxeiros; porque en francés ocorre o mesmo que no galego.

Fui *al* campo y vi *al* herrero

Fun *au* campo e vin *o* ferreiro

Fui *ao* campo e vi *o* ferreiro

je suis allé *au* champ e j'ai vu *le* forgeron

En documentos antigos e nas poesías dos vellos troveiros atopamos tamén escrito *ao*, como debe ser, como é. O escribir *ô* é un erro que compre desbotar.

Para saber con certeza cando debe de se usar *ao* ou cando se emprega o artigo *sô* abonda con ter en conta o seguinte:

O *dativo* indica na oración a persoa ou cousa á quen afecta a sinificación do verbo, sen ser o uxeto dereito d'ela. Pódese facer esta pregunta ¿para onde? ¿para quen?

Exemplos: *vai axiña...* ¿para onde? *ao* río.

Iba levar unha fouce ¿para quen? *ao* labrego. Neste caso non se empregará endexamais o nin *ô*, senon *ao*, contraición de preposición e artigo.

O *acusativo* indica o término dereito da acción do verbo transitivo, é dicir, do verbo cuia acción pasa á outra cousa; é a aclaración do atributo envolvido en todos os verbos activos; é o que contesta á pregunta ¿qué cousa? referente ao verbo transitivo.

Exemplos: Vou ouvir... ¿qué cousa? *O* predicador.

Ontes vin ¿qué cousa? *O* fillo de Xan.

Neste caso sería unha falta dicir: *ao* predicador; *ao* fillo de Xan. Non se debe usar *ô* senon *o* (artículo sómente):

O galego ten mais diferenzas co castelán do que parece a primeira visia, por eso non debe de se escribir en absoluto baixo a forma castelá senon estudar á fondo a nosa fala e usala do xeiro mais puro posible

L. C.

Intercambio cultural con Portugal

A amizade entre os intelectuales de Portugal e Galicia é a cada paso mais íntima e extensa.

Unha consecuencia d'ela é colaboración d'uns e outros en revistas de aquem e alem Minho, o intercambio de obras, extendéndose así o coñecemento e estima mutuos e as distincións que as academias de cada país conceden aos escritores do país irmán.

*
*
*

O Instituto Histórico do Minho n-unha recente sesión nomeou socio correspondente ao noso irmán Leandro Carré, un dos mais fecundos e notables escritores galegos.

*
*
*

Sabemos que pronto colaborarán na publicación LAR algúns distintos literatos portugueses. O notable escritor Xulio de Lemos ofreceu xa enviar un traballo que, como seu, será sen dúbida interesantísimo.

Craro de lua (1)

*Era unha noite serea;
era unha noite de Mayo.*

*As estrelliñas brillantes
crubían o inmenso espazo.
Era unha noite de amores,
cheiña de doces layos
que das fondas arboredas
y-os choutadores regatos
sobían car'ô sol-posto
com'adiós saudoso e brando...*

*Era unha noite serea...
y-os doces airiños, mainos,
d'un reiseñor espallaban
os tenros, divinos cantos
que no peito ferveante
coutaban fondos salayos.
mentras que â y-alma dôrida,
com'âs devesas y-ôs campos
baixaba a Espranza envolveita
nos lampos dun luar craro...*

M. POSSE RODRÍGUEZ

Compostela

(1) Do libro *Paisaxes* que ven de se publicar.

Unha visita

Fai días tivemos o honor os galegos de recibir a visita do actual alcalde da capital de Hespaña señor conde de Vallengano.

Foi agasallado e recibido na Cruña pol-a Excm. Corporación municipal que hoxe capitanea o alcalde *popular* D. Manuel Casás Fernández, alcalde tamén *popular* xa n-outra ocasión.

No seu honor organizouse un, o consabido e obrigado, banquete. O alcalde da capital de Hespaña lembrouse da súa oriundeza galega e fixo linguas da cortesía e simpatía dos seus semi-paisanos.

Pol-a prensa diaria saberán os nosos lectores a que veu a Galicia, o señor conde de Vallengano. Veu a conquistar dos galegos, tan serviçías, que mandemos carne para abastecer o pobo madrileño. Non sabemos se conqueriú o seu propósito.

O que si sabemos é que Galicia continúa, a pesar de todo, sendo o pandote.

Galicia vé introducir en Hespaña carnes conxeadas con prexuício para a súa industria gandeira. Galicia non pode introducir o millo extranxeiro e ten que pagar o castelán por imposición dos trigueiros da meseta. Galicia vé que lle suprimen as escolas veterinarias e agrícolas. Galicia vé moitas cousas mais e Galicia *la dulce, la hermosa*, non di, non pode decir nada.

Sô faltaba agora que teñamos que manter de carne aos de fora. E como di moi ben Bartolomé Calderón, ao millor mandala *de gorra*.

Namentras nós, tan serviçías e tan humildes, co chapeu na man moi ceremoniosos e moi agasalleiros.

Con estas cousas ponse tamén de manifesto a vanidade noxenta de certos señores a que nes lles importa mais que os problemas vivos e urxentes o se dar tono a carón de certas personalidades. Para eles ten mais forza aquilo de: La Coruña, ciudad veraniega.

Sastrería CRECIENTE IRMANS

A MILLOR DE GALICIA

REAL 28 1.º

TELÉFONO 180

A CRUÑA

O Seminario de Estudos Galegos

O meritísimo Seminario de Estudos Galegos, de Santiago, que preside o mestre D. Armando Cotarelo e que leva tanto traballado xa pol-a cultura galega, propónse intensificar no próximo curso a súa froitífera labor.

A mocidade que en Galicia ten mais valor; cantos nas artes, nas letras ou nos estudos históricos representan un presente glorioso ou un porvir brillante, forman xa nas fileiras dos asociados á tan culta e galeguísima institución, e todos propoñense facer novos estudos encol de temas de intrés para Galicia que serán enviados ou lidos no Seminario.

A revista «Nós», dirixida por Risco e Castelao, que ven editando a imprenta LAR, da Cruña, leva xa publicados algúns dos traballos presentados no Seminario e publicará outros moitos, contribuíndo así á facer pública tan meritísima labor.

Mais non contentos con isto, axiña encomenzará á se publicar, editados por LAR unha serie de libros e folletos que constituíndo fermosísima e valiosa «Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos» darán a conocer unha chea de obras notables e merecentes de seren lidas, estudadas e conservadas, que pol-as suas especiás condicións son mais propias para imprimir en libro que nas columnas d'unha revista.

Cantos sintan afición por determinados traballos ou os que sexan amantes das boas letras, poderán adequirir así aqueles libros que lles interesen.

Por decontado está xa no prelo un tomo con estudos psicolóxicos dos nenos; unha fermosa colección de contos lidos pol-o seu autor Xosé Filgueira Valverde no Seminario de Estudos Galegos, e que teñen un especial sabor *nórdico*, lembrando na súa forma, na súa ideoloxía, as breves e delicadas relacións escandinavas e suecas.

Este primeiro tomo que é un feixiño de contos de nenos galegos, contos de nenos de pazos e de nenos probes, que teñen páxinas d'unha grande beleza, que falan do delirio d'un neno coa frebe, da saudade, do pomar, do enterro d'un xílgaro, da aboa, dos maíos... somellante á un recendente ramo de froiñas de sentimento e de ilusión, leva unha cuberta e iniciais grabadas en buxo pol-o notable artista pontevedrés Lois Pintos.

A éste seguirá outro fermoso libro de contos, escritos co'esa forma pintoresca e ousadora do xenial Castelao, tan bon escritor como admirabile dibuxante, do que non se sabe que admirar mais se as sinxelas relacións ou os dibuxos maravillosos que as ilustran.

Un novo tomo do mestre Cotarelo continuará despois, e así iráse formando con obras notabilísimas esta Biblioteca do Seminario de Estudos Galegos.

¡Cánto ten que adprender d'esta estusíasta e galeguísima institución esa Real Academia Galega que conta con tantos e tan brillantes académicos que nada fan!

O fútbol e a política

Non é a primeira vez que se me ocorre dicir algo encol d'este tema. Funo deixando, mais agora, que non pode un falar de todo, sirveme, se é que quen pode pensa o mesmo, para agarrarme a él como a un cravo ardendo.

O fútbol está agora n'un período de gran aitividade e asorve a maior parte da preocupación da mocidade. Co'a política sucede o contrario pois leva unha tempada en concreto estado de pasividade. Agora ben: Non se pode dicir que teña toda a culpa o primeiro da situación da segunda. As razóns son outras mais graves e difíciles de resolver sin que queira negar que o fútbol pode ter algunha pero dende logo n'un grado moi pequeno.

N'estes tempos derradeiros lévase escrito bastante encol do asunto. A maior parte dos que o fixeron estiveron acordes en calificar ao fútbol como o culpabre da carencia de ideás e sensibilidade política da nosa mocidade. Eu non estou conforme con tal xuício.

A min entusiásmame a política, política é a vida dos pobos e ten que entusiásmame dende o momento que me preocupo da vida do meu, e gústame moito o fútbol. A finalidade de cada unha das dúas cousas é moi distinta. A primeira proporciona preocupación, traballos, sacrificios. O segundo non é mais que un medio para pasar un rato agradable, sirve de exercicio físico a quen o exerce e ten tamén outro alicente. O da rivalidade entre dous equipos. Alicente superado cando un ten algún intrés porque gane un determinado equipo.

Pódense compaxinar admirablemente as dúas poñendo en cada unha o intrés que con arreglo ao seu significado lle corresponde.

Certo que actualmente a mocidade preocupase mais pol-o resultado d'un partido que pol-a anormal situación política que atravesamos. Mais esto non é de agora. Antes de tomar o fútbol o incremento que tomou ¿quén se preocupaba, falo nada mais que da mocidade galega, da nosa situación, do estado de Galicia? Somentes uns cantos que aínda agora, a

pesar do fútbol e de algúns gustarlles moito o fútbol, continúan traballando e pensando no porvir da Terra. Os demais, se non houbera fútbol, falarían d'outras cousas de menos importancia. Falarían das modas, estarían todo o día decindo chistes e colmos, falarían de Fulanita e de Menganita e demais temas ridículos e cursis que son xa obrigados nas conversas da imensa maioría do nosa mocidade.

E é que en Galicia, igual, non sei se como consecuencia, que no resto da Hespaña, fai moito tempo que a mocidade non pensa e olla desfilar, impasibre, ante os seus ollos os mais graves momentos, as maiores anormalidades e tamén as milloras ocasións para pensar e atuar. Non se entera.

Todo o mais que fai é poñer n'estas cousas, que veñen da alma, do espírito, un relativo intrés espectacular igual que fai no fútbol poñendo dende logo no xogo mais calor e entusiasmo. Se acaso fala e comenta pero non pasa de alí. En troques non téñ inconveniente en andar a golpes defendendo a un equipo. Falla de cultura e falla de sensibilidade espiritual.

Este estado psicolóxico da mocidade non é novo, non é de agora. Data de fai mais tempo. O que pasa é que agora hai unha manífica ocasión de contrastar a súa psicoloxía xá que por un lado o fútbol está en auxe e a política e a vida do país precisa como nunca da actuación da mocidade. Esta, como non pensa, como non sinte, inclínase por aquela que menos preocupación e molestias lle ocasiona e abandona a que mais importancia ten para él e para a vida do seu país anque vexa que a súa situación non é todo o saudable que debere. Mais non é o fútbol o que ten a culpa. É a mocidade. Eu sei de rapaces, dende logo moi poucos, que se apasionan pol-o fútbol e non perden un partido pero ao mesmo tempo autúan e traballan en cousas de mais importancia. O fútbol sirvelles de disraición.

A razón da miña tesis á dá Ingraterra, sede do futbol, apasionado por él e que emporiso é un país como todos sabemos que é Ingrate-rra. E así Suiza, exempro de pobos cultos ci-vilizados e modernos e moitos mais.

Por outra parte o futbol ven desterrando os touros e esto sí que é un adianto pois aínda que se poña n'un o mesmo intrés que no ou-tro e o púbrico condúzase o mesmo, que pen-so que non, sempre hai a enorme diferenca do espectáculo en sí. Anque non sexa mais que pol-a difrenza no vestir de un xogador de fut-bol e un toureiro.

E abonda. O que queda dito non é unha de-fensa incondicional do futbol xa que penso que vaid'abondo razonada. Paramin, por enriba de todo, está o que está e quizais non falara de esto se poidera facelo d'outras cousas que me andan nos miolos fai moito tempo. Pacencia.

VICTOR CASAS.

Os Amigos de Galicia

Nun dos artigos que ven publicando encol de cousas galegas no diario madrileño «La Voz» o escritor santiagués Victoriano García Martí, espon a iniciativa de constituir unha so-ciedade chamada «Amigos de Galicia» para realizar interesante labor en pró da riqueza ar-tística de Galicia, da súa beleza, inventariar os nosos tesouros de arte, facer un museo de cou-sas galegas e unha propaganda en favor de problemas galegos n'este aspeito e seme-llantes.

Di contar xa co apoio de Valle Inclán, Pei-nador e o do poeta da Raza Ramón Caba-nillas.

Parece ser que a idea vai tendo boa acollida e si se toma a cousa con intrés pode ter axiña realización.

Ao falar d'elo «La Voz de Galicia», se per-mite facer unhas dereitas alusións que por estar tan craras non é perciso cavilar moito para ver a quen ven dirixidas.

Efeitivamente, o nome de Cabanillas é, sin supoñel-o, unha garantía para os *ortodoxos* do galeguismo, ésta é a nosa única relixión, xa que nos asegura que ésta nova agrupación

non será un cursi botafumeiro da «Galicia mei-ga, da rula viuda, da pequena patria» como di o propio Cabanillas na súa «Man de Santiña». Pasaron xa esos tempos de cursileria aínda que «La Voz» coide o contrario e fúndese para pensalo así nos anormás tempos que dis-fruitamos. Tamén para nós é unha garantía o nome de Peinador.

Os nomes de Valle Inclán e García Martí, seguramente, xa que así o asegura «La Voz», serán garantía para os asustadizos. Con nos non vai eso. A praitica non sabemos o que demostrou porque non é este o momerto ade-cuado para facer un estado comparativo entre un e outro galeguismo.

Como tampouco o é, tamén o dixó, «La Voz» varias veces, para saír á defensa de ve-llos políticos cuio nome é o «santo e seña» do xornal cruñés.

Así é que según parece imos estar d'acordo con «La Voz». Xá non é a pirmeira vez. Ao co-menzo das «Irmandades da Fala» tamén estu-veron eles con nosco namentras coidaron que esto era algo así como un Instituto de Estudos Gallegos ou cousa semellante de frangallada, cursileria e sociedade de bombos mutuos e fo-mento da vanidade. Xá veremos canto dura.

Escusado é decir que nós, dende o noso posto diáfano e ben determinado, estamos d'acordo coa idea e prestaremos a ela a nosa axuda.

Todo en favor de Galicia.

Dr. MOSTEIRO

MÉDICO ODONTÓLOGO

Medicina e Ciruxía da boca
Electricidade Rayos X

A CLINICA DENTAL MAIS COMPRETA
DE GALICIA

CANTÓN PEQUENO 1 (Casa Pastor)

A CRUÑA

Os matadoiros industriaes

Con ocasión do recente congreso dos Alcal-des galegos celebrado na Cruña, ao que asis-tiu, pronunciou unha conferencia o coengo da Catedral de Tuy don Domingo Bueno encol do proxeito de matadoiros industriaes en Galicia.

Dende logo que a labor do Sr. Bueno é me-recentes de gabanzas e axudas pol-o grande beneficio que aportarán ao ganderío galego estes matadoiros, que permitirán aproveitar in-dustrialmente todol-os residuos das reses, mais aforrarán as enormes perdas que sofre o gan-do exportado vivo.

Unha das maores riquezas de Galicia está no gando non só pol-a importancia que ten senón pol-o repartida que está por total-as casas labregas; é pois un gran ben a implanta-ción d'estes matadoiros cooperativos. E se os labregos se convencen de que pra teren bós pastos é preciso plantar árbores, o que é tamén produtivo por outros conceptos, irá me-drando a riqueza en Galicia.

Unha das cousas necesarias para contribuir ao fomento do ganderío son os estudos veteri-narios relacionados co'el, que é preciso prop-agar. Tamén é de primeira necesidade a li-bre importación do millo ou a creación d'esa industria, tan frorecete n-outros países gan-deiros, que convirte en pás, axeitados para mantenza do armenfío, semillas como as de xirasol, liñaza, cacahuete, etc.

A revista "Nós"

Con unha puntualidade que honra â impren-sa LAR, que a edita, publicouse o número 21 da notabilísima revista de cultura galega co-correspondente ao 15 do pasado Setembro. Como os números que van publicados dende a súa reaparición, ven éste fondamente interesan-te e dino de ser lido por cantos se interesan pol-a formidabre labor cultural que «Nós» realiza en particular e en xeneral pol-o rexurdimento da cultura galega hoxe en apoxeo e frorecimentos verdadeiramente asombrosos.

Vicente Risco, cujo nome é unha garantía, afánase na escolleita dos orixinás a publicar facendo aumentar de número en número o in-

trés que cada un de por si xa encerra. O que temos â vista leva varias firmas do mais esco-lido da actual e brillante pléyade de escritores galegos no noso idioma.

«Nós» acréditase mais en cada número e ten asegurada a súa vida xa que tamén de día en día aumenta a súa suscripción e a súa venda. Non podía ser d'outra xeito e d'elo témonos que aledar fondamente os que cobizamos, tra-ballando por elo, unha Galicia culta que faga espertar o intrés nas xentes de fora para leer e estudar canto aquí se produce no orde literario.

N-este aspecto «Nós» coloca moi outo o no-me de Galicia fora da nosa casa e a cultura galega espállase pol-o mundo adiante. Labor tan exemprar e patriótica meresce a axuda de de todos xa que a todos nos favorece por igual.

AS NOVELAS «LAR»

ANA MARIA

Por XOAN XESÚS GONZÁLEZ

O número 13 d'esta publicación cruñesa que tanto ven laborando pol-a literatura gale-ga, contén unha fermosa noveliña do conocido escritor compostelán Xoan Xesús González, un dos que en pouco tempo, mais c'un inten-so traballo, logrou facerse un nome estimado entre os cultivadores das belas letras.

Esta noveliña que agora publica LAR é dina continuadora das anteriormente dadas a luz pol-a revista, que así vai buscando canta firma de valor poida contribuir â labor creadora da novela galega que os seus editores se propu-xeron facer.

A novela de Xoan Xesús González, escrita sinxelamente, e cujo desenrolo mais que un conto parez a páxina real d'unha vida, ten a súa acción entre estudantes primeiro, despois continúa nun ambiente de señorío, e sempre ten un selo especial no seu relato fluído, na súa intensidade emotiva.

A publicación LAR merez ben o favor do público e o apoio de todol-os amantes da li-teratura rexional.

Imprenta LAR. Real, 36 1.º - A CRUÑA